

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 5/11/2020, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.
- 3º.- Asuntos varios.

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **5/11/2020** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 8 de Outubro de 2020 é aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística a:

A **CAYETANO INSUA RIVAS**, veciño de Fisterra para proceder á realización de obras de **Ampliación de Cabañas Turísticas emprazadas nunha parcela** (Referencia Catastral 15038A032002130000FY) deste Termo Municipal, debendo axustarse na súa totalidade ó **Proxecto Básico e de Execución visado con data 14/09/2020** redactado polo Arquitecto Antonio Martínez Domínguez que consta no expediente; condicionada a que:

- O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do

expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

- O estudio xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.

- En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

-- EXPEDIENTE : 2020/U022/000001

-- LICENZA URBANISTICA : Xunta de Goberno Local 5/11/2020

-- ORDENANZA DE APLICACIÓN : Núcleos Rurais Tradicionais nas áreas consolidadas pola edificación (NRTC))

-- PROMOTOR: CAYETANO INSUA RIVAS

-- CONSTRUTOR: -----

-- DIRECTOR DE OBRA: Antonio Martínez Domínguez .

-- DIRECTO DE EXECUCIÓN MATERIAL: Basilio Canosa Díaz.

-- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: 1

-- USOS: Hoteleiro

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de DOUS MIL CINCOCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (2.596,57 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de Cento dezaoto mil vinte e cinco euros con setenta e sete céntimos céntimos (118.025,77 €).

Así mesmo salientar que unha vez rematadas as obras deberá:

-- Para o inicio da actividade, o artigo 364 apartado 2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que unha vez rematadas as obras presentárase comunicación previa para a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.

-- O Decreto 106/2015, di 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia establece no seu artigo 11 que:

“1. As persoas titulares de actividades que se pretendan desenvolver en edificacións deberán dispoñer, con carácter previo ao inicio da actividade, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade que, partindo da clasificación de actividades recollida na alínea A) do anexo acredite o cumprimento dos valores de illamento indicados na alínea B) do mesmo anexo. O devandito informe deberá ser presentado ante o concello en que radiquen os locais nos cales se pretenda desenvolver a actividade xunto coa comunicación previa prevista no artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ou xunto coa solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva.

2. Este informe incluírá os seguintes aspectos:

a) Illamento entre a actividade e as vivendas lindeiras co local (DnT 100-5000 Hz e DnT 125 Hz) e niveis de recepción interna nas vivendas lindeiras derivadas do funcionamento no local emisor e o tempo de reverberación.

b) Illamento acústico de fachada (D2m,nT 100-5000 Hz).

c) Nivel de ruído de impactos (L'nT 100-5000 Hz).

3. Non será obrigatoria a achega do informe previsto nos puntos anteriores deste artigo no caso de que as persoas titulares das actividades fagan constar expresamente, no momento de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva, que as devanditas actividades producirán un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB, ou a 70 dB no caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído. Isto enténdese sen prexuízo dos labores de comprobación que posteriormente efectúe a Administración local.”

4. O disposto neste artigo tamén será de aplicación aos supostos de modificación, ampliación ou traslado.

En base ao dito con anterioridade presentárase un informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade.

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **JOSÉ ANTONIO MOUZO BLANCO** veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.908 de 14/10/2020) **para proceder á realización de obras consistentes no lavado e pintado da fachada principal en cor branca dunha vivenda (Referencia Catastral 8605804MH7580N0001ST)**.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 20 de Outubro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais**.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **JOSÉ IGNACIO PACÍN BARREIRO**, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.272 de 17/07/2020) **para proceder á realización de obras consistentes na execución duha columna de pedra para a instalación dun portal de acceso nunha (Referencia Catastral 001504100MH75D0001MQ)**.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 20 de Outubro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais**.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte da **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO ALCALDE FERNÁNDEZ**, con CIF H15642283 e domicilio social na Rúa Alcalde Fernández, 45 desta Vila, (Rexistro de Entrada 1.925 de 16/10/2020) **para proceder á realización de Obras consistentes na reparación e pintado na cor existente do lateral dunha edificación sita na citada Rúa (Referencia Catastral**

8507411MH7580N) mediante a ocupación de vía pública con máquina elevadora nunha superficie de dez metros.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 20 de Outubro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obras presentada por parte de AUREA JUNQUERA DOMÍNGUEZ SANTOS, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 542 de 5/03/2020) para proceder á realización de obras consistentes na conservación e mantemento das fachadas e cuberta dunha vivenda, así como colocación de tella do país na cuberta do galpón (Referencia Catastral 001403400MH75D0001TQ) dedendo axustarse á Memoria valorada e planos asinados polo Arquitecto Técnico, Juan Ramón Insua Redonda de data 20/07/2020 así como ó informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio do 19/10/2020, xúntase copia e que consta no expediente.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 20 de Outubro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JUAN BAUTISTA SAMBADE INSUA, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.867 de 7/10/2020) para proceder á realización de obras consistentes no mantemento dun peche lateral de bloques de formigón deteriorado (Referencia Catastral 8503616MH7580S0001FD).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 7 de Outubro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, condicionada a:

-- Deberá manterse a solución formal do peche existente e pintar en cor branca en cumprimento da armonización co entorno e ós criterios da cor denfidos dende a Xunta de Galicia de acordo coa normativa aplicable.

Todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais;

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSE MARÍA ESTÉVEZ MARIÑO, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 390 de 14/02/2020) para proceder á realización de obras consistentes en desprazar Dous metros (2) unha farola pública existente diante dun inmovible dedicado a Restaurante - Hostal (Referencia Catastral 1147801MH8514N0001GA).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 4 de Novembro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, condicionada a:

-- Informar ao Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada no Concello.

-- Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados, se fose o caso, con colectores axeitados, que de ser o caso serán descargados en vertedoiro autorizado.

--Repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.

-- Coas obras pretendidas é necesario levantar o pavimento existente no viario, polo que será necesario a presentación dun aval bancario ou depositar na conta do Concello o importe do coste de reposición da urbanización afectada por importe é de Cinococentos euros (500 €); dita garantía será devolta, unha vez comprobado polos servizos técnicos municipais que o pavimento quedou en bopas condicións para o uso público.-

Todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das corporacións locais;

--Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de ADRIAN LÓPEZ DÍAZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada Telemático 205 de 7/06/2020) para proceder á realización de obras consistentes na conservación e mantemento da cuberta e fachadas dun almacén (Referencia Catastral 001303100MH75D0001LQ).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 28 de Outubro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de BOUTAHAR BENALI HADJAHMED, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.956 de 21/10/2020) para proceder á realización das obras que son necesarias co motivo da conexión coa rede de saneamento municipal, con destino a unha vivenda (Referencia Catastral 000400600MH75B0001YY),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 3 de Novembro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

a. Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral de Entrada para que deste xeito a Empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade a zona na que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b. Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c. Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con

formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

d. A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte.

Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/l de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15.

Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando ésta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e. No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

f. O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

g. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h. Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

i. O interesado comunicarase coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

Co fin de garantir a reposición do firme presentarase ante o Concello de Fisterra unha Fianza de 450 €.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA JUNQUERA BLANCO GARCÍA, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 779 de 25/05/2020) para proceder á realización das obras consistentes na reconstrución dun muro de pedra de mampostería para contención de terras emprazado nas parcelas con Referencias Catastrais 15038A503001980000DZ e 15038A503002000000DU, debendo axustarse ó Proxecto Técnico de data 3/08/2020 redactado polo Arquitecto Técnico, Juan Ramón Insua Redonda que consta no expediente.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 16 de Outubro de 2020, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra dispórase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

-- Nº EXPEDIENTE : 2020/U026/000060

-- LICENZA URBANISTICA : Xunta de Goberno Local 29/10/2020

-- ORDENANZA DE APLICACIÓN : Solo de Núcleo Rural.-

-- PROMOTOR: Junquera Blanco García

-- CONSTRUTOR: -----

-- DIRECTOR DE OBRA: Juan Ramón Insua Redonda .

-- DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL:

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

B) Visto o Informe Desfavorable emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación con data 15 de Outubro de 2020, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Denegar a Licenza urbanística solicitada por MIGUEL ANGEL PÉREZ FONDO, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada Telemático 198 de 31/07/2020) para proceder ás obras consistentes na Construción dunha Vivenda Unifamiliar de Planta Baixa (Referencia Catastral 15038A502007770000DP) ó tratarse de Solo Clasificado como Rústico de Especial Protección que segundo o Artigo 35 da Lei do Solo para Galicia, é considerado un uso prohibido.-

2) Notificar este acordo ó promotor para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

C) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, visto o Informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo de data 28 de Outubro de 2020, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda Conceder a AARÓN LÓPEZ MARTÍNEZ, veciño de Fisterra LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA con Licenza Urbanística concedida por esta Xunta na sesión celebrada o día 24/05/2018 (Parcela con Referencia Catastral 15038A502013180000DZ) en base ó Proxecto de Execución redactado polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés visado con data 29 de Outubro de 2018 que consta no expediente.-

D) Visto o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación de data 5/11/2020, a Xunta do Goberno local por unanimidade dos asistentes, acorda proceder Cancelación do Aval expedido pola Entidade //ABANCA Corporación Bancaria S.A. a nome ELOY BOULLOSA DÍAZ, polo importe de Seis mil setecentos noventa e catro euros con trinta céntimos (6.794,30 €) imposta no seu día como consecuencia da Licenza Urbanística para Construción dunha Edificación, outorgada con data 2/03/2018 para garantir a realización de obras de urbanización coa reposición do firme e beirarrúa afectados na cita Rúa.-

3º.- ASUNTOS VARIOS.

SUBVENCIÓN TECNICO DE EMPREGO

Á vista da Orde do 15 de Outubro de 2020 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local e procédese a súa convocatoria para o ano 2020 (Código de Procedemento

TR351B) publicada no Diario Oficial de Galicia 299 do 30 de Outubro de 2020 por parte da Consellería de Emprego e Igualdade , a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Aprobar a Memoria redactada para o Plan de Acción de Emprego que desenvolverá o Axente Local nesta materia dentro desta Corporación e comprensiva dos aspectos contidos no artigo 6º - 4 b) da citada Orde cun custo anual de prórroga en contratación que ascende a cantidade de Trinta e seis mil setecentos trinta e cinco euros con sesenta céntimos (36.735,60 €) en concepto de Salarios e cotizacións empresariais á Seguridade Social.-

2º.- Solicitar á citada Consellería unha Subvención por importe total de Nove mil cento oitenta e tres euros con noventa céntimos (9.183,90 €) para dita finalidade equivalente ó 25 % do presuposto total da súa contratación.-

3º.- Compromiso firme de aportación municipal da cantidade de Vinte e sete mil cincocentos cincuenta e un euros con setenta céntimos (27.551,70 €) con cargo ó Presuposto Ordinario de 2020 onde existe consignación para dita finalidade.-

4º.- Facultar ó Alcalde para que no nome e representación deste Concello proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

AXUDAS ECONOMICAS

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a R. C. M., veciño de Fisterra unha axuda polo importe de Trescentos euros (300 €) para gastos de protésis dental, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a I. G. T., veciña de Fisterra unha axuda polo importe de Trescentos euros (300 €) para gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a J. M. D. C., veciño de Fisterra unha axuda polo importe de Catrocentos euros (400,00 €) para adquisición dunha cociña e un calentador segundo presuposto que se acompaña , ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

O pago dos mesmos, consistentes nunha cociña e un calentador segundo o presuposto que consta no expediente, efectuarase directamente por este Concello á Empresa subministradora, Hnos Leston S.L.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos

asistentes acorda conceder a E. C. L., veciña de Fisterra unha axuda polo importe de Trescentos euros (300 €) para gastos de óptica, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

OBRAS

Unha vez examinada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar a Valoración orzamentaria de data 5 de Novembro de 2020 formulada pola Empresa BUA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L. con CIF B70355615 e domicilio na localidade de Senra-Bustelo do Termo Municipal de Dumbria (CP 15152) relativa os traballos para ampliación da rede de pluviais e nova pavimentación na zona de Mar de Fora desta Vila (Car ao Norte) por un importe de Dezasete mil cincocentos cincuenta e un euros con trinta céntimos (17.551,30 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido acreditada no expediente, con cargo con cargo á Partida 2020. 453. 60900 do Presuposto Ordinario vixente.-

2) Notificar dito acordo á citada Empresa para o seu coñecemento e demais efectos.-

ADXUDICACIÓN DE SERVIZOS

Á vista da Memoria do Programa denominado " Terapias para nenos/as con necesidades especiais do Concello de Fisterra " dentro das actividades organizadas polo Departamento de Servizos Sociais para o ano 2020, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar o gastos para dita finalidade e á vista da súa capacidade, adxudicar á ANGEL CAMPOS LEIS (CENTRO IMPULSO) e domicilio social na Praza dos Xuncos, 1 3º Esquerda da localidade de CEE (Código Postal 15270) por un importe total de Catro mil novecentos noventa euros (4.990,00 €) de conformidade co disposto no Artigo 118.3 da Lei 9/2017 de 8 de Novembro de Contratos do Sector Público.-

2) Ditos servizos realizaranse durante os meses de Novembro e Decembro de 2020 baixo a supervisión deste Departamento.-

3) Notificar este acordo ao adxudicatario para o seu coñecemento e demais efectos.-

ADXUDICACIÓN DE SERVIZOS

Coa finalidade de non prexudicar o funcionamento dos servizos municipais nas Dependencias Públicas co motivo da Pandemia COVID-19 e mentras se estudan os novos Pregos de Cláusulas Administrativas e Prescrición Técnicas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Manter vixente, para con esta Corporación, coa Empresa German José Lema Amigo, con NIF 79.317.902 X e domicilio na rúa Palomar " Edificio Gándara " 1 Baixo D da localidade de Sardiñeiro de Abaixo neste Termo Municipal de Fisterra, a prestación de Servizos de Limpeza nas Dependencias Municipais por o importe mensual que xa ven percibindo de Catro mil setecentos trinta e nove euros con catorce céntimos (4.739,14 €) incluído o Imposto sobre o valor Engadido ata o día 30 de Xuño de 2021.-

2) Notificar dito acordo a Empresa adxudicataria aos efectos legalmente establecidos.-

TELEASISTENCIA DOMICILIARIA

Unha vez examinado o expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda a ADHESION do Concello ao Programa de Teleasistencia Domiciliaria da Deputación Provincial da Coruña, comprometéndose esta Corporación a cumprir coas Clausulas do Regulamento do Programa, publicadas no Boletín oficial da Provincial número 248 de 31 de Decembro de 2019.-

Así mesmo remítase certificación deste acordo ó citado Organismo Provincial, facultando o Sr. Alcalde para a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

LICENZAS

Á vista do Título Habilitante expedido ó seu favor na sesión celebrada o día 27 de Setembro de 2018 para proceder á realización de Obras consistentes no Acondicionamento Interior dun Baixo e parte da primeira planta coa finalidade de dedicar a Estanco nunha edificación (Referencia Catastral 8609118MH7580N0001AT) en base a Memoria Técnica redactada por parte da Arquitecta, Encarna Balayo Caamaño, visada con data 10 de Setembro de 2019 que consta no expediente,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda Conceder a MIRIAM LAGO DOMINGUEZ, veciña de Fisterra Licenza de Apertura de establecemento para dita finalidade, debéndose expedirse pola Secretaria da Corporación.--

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión**, ás **21:10 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.